

# CHILLY GONZALES. SHUT UP AND PLAY THE PIANO

# 477

[Philipp Jedicke, 2018]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 21.01.2019 | V.O.S.E. | +12

*Chilly Gonzales. Shut Up and Play the Piano* (2018, 82')

**Dirección:** Philipp Jedicke

**Guión:** Philipp Jedicke

**Participación:** Chilly Gonzales, Peaches, Leslie Feist, Sibylle Berg, Jarvis Cocker, Kaiser Quartett

**Son:** Andreas Hildebrandt, Ralf Weber

**Montaxe:** Henk Drees, Carina Mergens

**Fotografía:** Marcel Kolvenbach, Marcus Winterbauer

**Produtora:** Rapid Eye Movies, Gentle Threat, ZDF/Arte (Alemaña-Francia-Reino Unido)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Inglés, francés, alemán

## PREMIOS E FESTIVALS

Biografilm Festival 2018

(Sección Oficial)

## SINOPSE

Unha viaxe chea de megalomanía e música de piano con Chilly Gonzales: desde a escena punk de Berlín até o rap orquestral.

«Opera prima emocionante e eléctrica, homenaxe a unha personalidade extravagante»

Aude Jouanne, LES FICHES DU CINÉMA

# OS OLLOS VERDES 18/19

## OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



## Notas do director

Philipp Jedicke

Cando coñecín a Gonzo (Chilly Gonzales) por vez primeira en 2014 fascinoume a súa autoconciencia como artista. Nunha arrouxada de espontaneidade pregunteille se podía facer un documental sobre el. Simplemente díxome: «si, adiante». Unhas semanas após, estaba sentado con dúas caixas cheas de fitas de vídeo. A pregunta foi: «como podo retratar a un músico e *showman* como é Chilly Gonzales nun documental de 90 minutos?».

Gonzo tiña un requisito previo: non mostrar situacións privadas. O que nun principio podería soar como o peor pesadelo para un documentalista, converteuse no soporte que me deu orientación e me axudou a atopar a clave para contar a súa historia. Tras observar durante horas e horas a súa aparentemente contraditoria e ecléctica actuación no escenario, puideron identificar temas recorrentes e atopar conexións coa súa personalidade. Está todo aí, nas súas letras e nas súas brincadeiras sobre o escenario. A través do seu uso do humor, a ridiculez e a desvergoña, Gonzo mostra as súas propias inseguridades e abórdaas.

No mundo de Gonzo, a realidade sempre está conectada coa ficción, convértea no seu propio tipo de realidade aumentada. Mentres que outros artistas se esforzan por mostrar autenticidade no escenario, Gonzo toma a dirección oposta e busca a verdade no artificio.

O noso obxectivo común e o noso desafío como equipo —desde gravar, editar e producir— foi descubrir e ao mesmo tempo non sobreanalizar, non guiar de máis o público e tentar facer un filme o máis entretido posíbel. Mentres reflexaba a ironía de Gonzo, tamén quería mostrar o amor que pon en todo o que crea. Coa axuda dun equipo moi comprometido e un protagonista que estaba listo para xogar e experimentar, agardo que finalmente acadásemos ese obxectivo.

## “Entre a dúbida e a megalomanía”

Por Nicolas Schaller

Unha especie de Chopin abducido por un Liberace pop. Velaí a fórmula azarosa coa que poderíamos presentar a Jason Beck, alias Chilly Gonzales, para aqueles que non o coñezan. Este documental é unha introdución perfecta á obra abundante e versátil deste pianista emérico, un showman excéntrico habitado pola dúbida e a megalomanía, que navega entre o rap e o clasicismo, colabora con Drake, Daft Punk, Arielle Dombasle ou Jane Birkin e creou unha escola efémera, o Gonzervatorio. Neste filme coproducido por el mesmo, sorprenderá que non se mencione o seu récord mundial co concerto máis longo en solitario, establecido en 2009: vinteseite horas só ao piano.

Publicado en [www.nouvelobs.com](http://www.nouvelobs.com)  
Traducións: Xan Gómez Viñas

### O DIRECTOR

Philipp Jedicke traballa como xornalista freelance, editor online, investigador e manager de postproducción para televisións públicas, produtoras de cinema, páxinas web e revistas. O enfoque principal do seu traballo é a música e a cultura. O seu traballo apareceu en varios medios europeos como WDR, ARTE, Deutsche Welle, SWR e Süddeutsche Zeitung. Viviu en Canadá e en Francia e actualmente reside en Colonia, Alemaña. *Shut Up and Play the Piano* é o seu debut como director de cinema.

### O MÚSICO

Chilly Gonzales, nace en Montreal en 1972 co nome de Jason Beck. Fórmase como pianista clásico a finais dos anos oitenta en Berlín. No 2000 grava o seu primeiro álbum, *Gonzales Über Alles*. Séguenlle tres álbums de sons electro-pop e un acústico: *Solo Piano*. O hip hop experimental de Gonzales lembra a intensa composición de sons das producións de DJ Shadow, pero adubiadadas con voces de jazz de cabaret, sons ambient e un toque especial de funk electrónico. Entre os seus logros posteriores atópanse un récord guiness que o levan a tocar 27 horas seguidas só co seu piano e gravar o primeiro disco e concerto de rap con orquestra: *Unspeakable Chilly Gonzales*.

### OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Jarvis Cocker Chilly Gonzales Room 29**  
Deutsche Gramophon (CD)

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)